

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------------------|----------|---------------|
| 36009998 | CEIP de Mosteiro-Bembrive | Vigo | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Relixión Católica | 3º Pri. | 1 | 35 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 14 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 16 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 17 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 17 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 18 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 19 |
| 7.2. Actividades complementarias | 21 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 21 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 22 |
| 9. Outros apartados | 22 |

1. Introducción

Desde a Relixión Católica querese contribuír á formación integral do alumno, desenvolvendo especialmente a súa capacidade transcendente, facilitándolle unha proposta de sentido para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

É propio da ensinanza relixiosa a súa preocupación pola calidade da educación que se imparte desde a infancia. Nesta idade tan crucial para o posterior desenvolvemento da súa personalidade, é cando o neno comeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Neste proceso, que se desenvolve no seo da familia, o afectivo exerce un papel relevante e constitúese en camiño para a aprendizaxe.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 3º de E. Primaria dun centro educativo do concello de Vigo, con distintos niveis socioeconómicos.

Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e a Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ademais, no primeiro apartado do seu artigo único, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cumprise así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como área curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas. Coa súa identidade e natureza, a área de Relixión Católica, en liña cos fins propios da Educación Primaria, favorece o proceso educativo do alumnado, contribuíndo á súa formación integral e ao pleno desenvolvemento da súa personalidade. Propón, especificamente, contribuír á autonomía persoal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurais e diversos. E complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns que orienta o despregamento dunha identidade persoal autónoma e asertiva e á súa inserción nas contornas comunitarias de pertenza.

Esta área na escola caracterízase polas súas contribucións educativas expostas en liña cos obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos do conxunto da etapa, tamén coas competencias clave. Coas aprendizaxes do currículo, inspirados na antropoloxía cristiá, enriquecese o proceso formativo dos nenos e nenas, se así o elixiron as súas familias: accédese a aprendizaxes culturais propios da tradición relixiosa e da contorna familiar que contribúen a madurar a identidade persoal; a aprendizaxes de hábitos e valores, necesarios para a vida individual e social; e a aprendizaxes vitais que dan sentido humano e cristián á vida e forman parte do necesario crecemento interior. Estas achegas do currículo de Relixión Católica, á luz da mensaxe cristiá, responden a un compromiso de promoción humana coa inclusión de todos, fortalecen o poder transformador da escola e supoñen unha contribución propia ao perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

O currículo da área de Relixión Católica é resultado do diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Primaria. O deseño curricular da área de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación dando prioridade o aprender a ser e a vivir cos outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da

casa común. Especialmente, o noso currículo ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde os desafíos da educación neste século XXI.

A estrutura do currículo de Relixión Católica intégrase no marco curricular da nova ordenación, e é análoga ás das outras áreas e materias escolares, contribuíndo como estas a o desenvolvemento das competencias clave a través dunha achega específica. É un currículo aberto e flexible para facilitar a súa programación nas diferentes contornas e centros educativos.

Exponse, en primeiro lugar, as seis competencias específicas propias da área de Relixión Católica. Son comúns para todas as etapas, propoñen gradualmente aprendizaxes de carácter cognitivo, instrumental e actitudinal; e permiten o desenvolvemento das competencias clave en Educación Primaria. Algunhas competencias específicas están centradas na formación da identidade persoal, cultivan as dimensións emocionais e afectivas e promoven que cada alumno e alumna conforme con autonomía, liberdade e empatía o seu proxecto vital, inspirado pola antropoloxía cristiá. Outras subliñan a dimensión social e cultural, necesaria para o despregamento da personalidade individual e a construción responsable e creativa das contornas socioculturais desde a mensaxe cristiá de inclusión e fraternidade. E outras propoñen a visión cristiá da vida, o coñecemento de Xesucristo e da Igrexa, e contribúen a unha síntese da fe cristiá capaz de dialogar con outros saberes e disciplinas escolares.

En segundo lugar, propóñense os criterios de avaliación que están directamente relacionados coas competencias específicas.

En terceiro lugar, propóñense os saberes básicos necesarios para alcanzar a proposta formativa da área de Relixión Católica. Estes saberes, que derivan especificamente do diálogo da Teoloxía e a Pedagogía, constitúen os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para o logro das competencias específicas.

No currículo, os saberes básicos preséntanse organizados en tres bloques. O primeiro bloque xira en torno ao descubrimento da vida e da autonomía persoal, á luz da mensaxe cristiá, que se enriquece con valores de liberdade, responsabilidade, comunicación das emocións e ideas propias. O segundo bloque expón o coñecemento da contorna, o encontro cos outros e o coidado dun mesmo e dos demais para crecer en harmonía e comunión. O terceiro bloque facilita a comprensión da tradición social e a identidade cultural para aprender a vivir con outros, a respectar a natureza, construír contornas inclusivas e diversas e construír a casa común. Todos os saberes exponse cun sentido aberto para facilitar a súa adaptación ao contexto.

Finalmente, as orientacións metodolóxicas e para a avaliación da área de Relixión Católica establecen unha proposta didáctica en liña coas outras áreas da etapa e as situacións de aprendizaxe. A súa programación constitúe unha oportunidade para incorporar as realidades máis próximas dos centros educativos e da contorna, para expor a programación didáctica da área de Relixión Católica en proxectos e ámbitos máis globalizados. As propostas metodolóxicas de aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe baseada en proxectos e por ámbitos curriculares que poidan realizarse facilitarán un acceso máis inclusivo e universal á aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|----|-----|------|
| OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos cruce da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropológico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía. | 1-3 | 2 | | 1-4 | 1-2-5 | | 2-3 | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|-------|----|-------|
| OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta. | 2-5 | 3 | 5 | 3 | 3 | 1-2-4 | 1 | |
| OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común. | 1-5 | | 3 | 1 | 3 | 3-4 | 1 | 3 |
| OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas. | 4 | 3 | | 2-3 | | 3 | | 1-2-4 |
| OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas. | 1 | | | | 1-3-5 | 3 | 2 | 1-3 |
| OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento. | 2-3 | | 4 | 1 | 4-5 | 1-4 | 3 | 1 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | PERSOAS DE GRAN CORAZON | Traballaremos a Creación desde a perspectiva da fermosa tarefa de vivir con responsabilidade, coidando do mundo que nos rodea | 14 | 5 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | PERSOAS DE GRAN CORAZON | A misión de Noé | 14 | 5 | X | | |
| 2 | O VALOR DOS AMIGOS | Os Sacramentos Personaxes amigos de Deus. Alianza do pobo de Deus | 14 | 5 | X | | |
| 3 | AGARDAMOS ILUSIONADOS | Calendario litúrxico. Tempo de Advento e Nadal Elaboración de manualidades propias destas datas (Belén) Paxoliña para agasallar na nosa visita ao xeriátrico | 18 | 6 | X | | |
| 4 | ESTOU AQUI, NECESÍTASME! | Xesús e os demais. As situacións inxustas vistas desde a solidariedade e o Amor de Xesús Espazos de convivencia agradable e inclusiva. Lecturas de fragmentos sobre Xesús no patio para gozar da beleza da natureza | 14 | 5 | | X | |
| 5 | UN CALENDARIO DIFERENTE! | Identifico os símbolos do calendario litúrxico e dos sacramentos Na Semana Santa, a paixón de Xesús Busca do tesouro. Xogo no patio para preparar a Semana Santa e a Pascua | 14 | 5 | | X | |
| 6 | MISIÍONS IMPORTANTES | Relatos bíblicos sobre os apóstolos de Xesús e biografías de persoas de gran corazón. A súa misión A misión da Igrexa Reflexionamos sobre as vocacións | 14 | 5 | | | X |
| 7 | MOITO QUE CELEBRAR! | Unidos celebramos a Vida e a misión da Igrexa e das persoas de gran corazón. Os primeiros cristiáns. A solidariedade entre eles. Finaliza o curso, expresión de alegría porque formamos parte desta comunidade! Coidamos o que nos rodea. Lecturas no patio para gozar da beleza da natureza | 12 | 4 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-------------------------|----------|
| 1 | PERSOAS DE GRAN CORAZON | 5 |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|------------------------|------------------------|----|---|
| | | | |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión. | É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas, ou persoas de gran corazón e relacionalos con algunha acción ou narración identificativa súa. | TI | 100 |
| CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá. | Expresa sensibilidade a través de diferentes linguaxes cos temas traballados. | | |
| CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta. | Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal | | |
| CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo. | Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo | | |
| CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá. | Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar o rezar. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A importancia da familia e a comunidade como fonte de felicidade. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O coidado da contorna natural e social como casa común. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------|----------|
| 2 | O VALOR DOS AMIGOS | 5 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión. | E quen de recoñecer e expresar algúns elementos de dignidade e identidade. | TI | 100 |
| CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá. | Mostra sensibilidade co que o rodea | | |
| CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón. | Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase | | |
| CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo. | Mostra actitudes de responsabilidade consigo mesmo e cos demais | | |
| CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas. | Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos | | |
| CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa. | Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento | | |
| CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia. | Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo de outras relixións | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Relatos bíblicos de vocación e misión. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - A importancia da alianza de Deus co pobo de Israel. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - A proposta moral cristiá para a vida en sociedade. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|-----------------------|----------|
| 3 | AGARDAMOS ILUSIONADOS | 6 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural. | Dalle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, valorando súa achega á identidade do lugar | TI | 100 |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret. | Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús | | |
| CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais. | Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - María, Nai da Igrexa. - A Iglesia, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------------------|----------|
| 4 | ESTOU AQUI, NECESÍTASME! | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá. | Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza | TI | 100 |
| CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta. | Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús | | |
| CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo. | Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo | | |
| CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá. | Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar, como fixo Xesús | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Tipos de oración: características e diferenzas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|--------------------------|-----------------|
| 5 | UN CALENDARIO DIFERENTE! | 5 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón. | Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar a súa inclusión nos grupos da clase, analizando comportamentos de coidado, solidariedade... | TI | 100 |
| CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas. | Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos | | |
| CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural. | Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, valorando a súa achega á identidade do lugar | | |
| CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoo en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa. | Comenta o que máis interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento | | |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret. | Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús | | |
| CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia. | Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiás e mesmo de outras relixións | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 6 | MISIÓNS IMPORTANTES | 5 |

| Cráterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión. | É quen de destacar na composición dun cadro os personaxes bíblicos protagonistas e relacionalo con algunha acción ou narración identificativa súa. | TI | 100 |
| CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta. | Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús | | |
| CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo. | Promove cos demais situacións que melloran a convivencia e accións responsables que favorecen a construción dun mundo mais inclusivo e equitativo | | |
| CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural. | Dálle aprecio a expresións artísticas do patrimonio relixioso popular da súa contorna, , valorando súa achega á identidade do lugar | | |
| CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá. | Identifica os silencios como momentos de calma e tranquilidade coma os axeitados para pensar ou rezar, como fixo Xesús | | |
| CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais. | Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmos a Xesus nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. |

| Contidos |
|---|
| - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 7 | MOITO QUE CELEBRAR! | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá. | Valora os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza | TI | 100 |
| CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón. | Tenta adquirir destrezas e habilidades sociais axeitas para mellorar súa inclusión nos grupos da clase, analizando comportamentos de coidado, solidariedade... | | |
| CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta. | Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como partida relatos sobre a comunidade de Xesús | | |
| CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas. | Indica algúns valores propios do cristianismo para aplicar a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción do ben de todos | | |
| CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa. | Comenta o que mas interese lle provoca das celebracións litúrxicas ás que asiste e se tivo a oportunidade de ver a aplicación de algún sacramento | | |
| CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret. | Aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a corrección da súa propia personalidade e desenvolvemento dos valores que nos ensinou Xesús | | |
| CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia. | Mantén actitudes de respecto cara as achegas sociais e culturais cristiáns e mesmo de outras relixións | | |
| CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais. | Valora a Igrexa como comunidade que ten a misión de descubrirmos a Xesús nas celebracións, tradicións e contribucións á sociedade | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.
- A dignidade do ser humano.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- A relación de Xesús coas persoas do seu tempo.
- María, Nai da Igrexa.
- A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.
- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.
- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O fin último da escola non pode restrinxirse á transmisión de informacións e coñecementos, senón que ha de provocar o desenvolvemento integral. Busca estimular e acompañar de forma personalizada o crecemento e aprendizaxe de cada alumno/a

Coa LOMLOE promocionase unha metodoloxía que fomente a aprendizaxe competencial cun tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; como docente paso a ser xestor/a de coñecemento do alumnado, e o alumno/a adquire un maior grao de protagonismo, para que adquiera as competencias adecuadas á súa idade. Por iso partirei dos coñecementos que ten o alumnado e da súa experiencia e, utilizarei, cando sexa posible, unha aprendizaxe por descubrimento. Prepara ao alumnado para a vida, ensinándoos a comprender e valorar con espírito crítico.

Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales se encontra a capacidade transcendente; por iso, debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que serán base para construír a súa identidade e a dos outros. E axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas que se realicen estarán pensadas desde a teoría das intelixencias múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Ademais, a aprendizaxe competencial en Relixión completárase cunha metodoloxía indagativa: con traballo cooperativo e interdisciplinar. Polo tanto, intentarei, establecer unha fonte de conexión entre as distintas áreas pódome de acordo con outros mestres/as para algunhas actividades comúns e a través da realización de proxectos, conseguir RETOS.

E, coma os contidos da área de Relixión Católica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real; será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción, en experiencia, en vivencia e aplícalo na medida do posible a contextos próximos aos alumnos e tendo presentes os 3 principios do DUA

Polo tanto, nas consideracións metodolóxicas debo atender aos seguintes aspectos:

a) Os principios metodolóxicos:

1) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado. Cunha metodoloxía activa, personalizada e, inclusiva, que preste especial atención á diversidade do alumnado e con actividades que teñan sentido para o alumnado xa que partiremos dos problemas e as situacións reais da aula

2) Asegurar aprendizaxes dinámicas, construtivas e significativas, e globalizadoras. Que axuden a desenvolver todas as capacidades do alumno/a: ver, xulgar e actuar correctamente sobre si mesmos, os demais, a sociedade e o medio que os rodea.

Valorando a reflexión e o pensamento crítico do alumnado para facilitar a significatividade do aprendido e a súa aplicabilidade á vida. E, de xeito progresivo, baseándome no principio de continuidade. Ao mesmo tempo, esíxeme coñecer as necesidades, intereses e o nivel de desenvolvemento dos nenos e nenas, preparándoos para unha aprendizaxe ao longo de toda a vida. O aprender a aprender, desde a aprendizaxe colaborativa entre alumnado e mestre/a, e desde a cooperación no traballo especialmente para a resolución de problemas que poidan xurdir na convivencia de aula.

En reli, os alumnos/as iníciáanse no desenvolvemento da busca do sentido último da vida enraizada no profundo do ser, irán descubríndoo nos símbolos e signos do seu contorno, no progreso do curso e na humanización consciente, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación, e de forma máis concreta, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá. Por todo iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborando cos seus compañeiros/as, como unha forma de vivenciar e experimentar todo o que fai referencia ao sentido da vida, á dimensión crente vivida desde un sentido comunitario.

3) Partindo dunha metodoloxía aberta e flexible, para favorecer que sexa unha aprendizaxe autónoma.

Con proxectos. Conectada coa vida, e lúdica, que esperte o entusiasmo e interese por saber.

Moi participativa, e con formas de organización que a favorezan. Así penso que fomentarei o seu espírito de colaboración e responsabilidade.

4) Potenciando a actividade. Facilitando a reflexión á hora da acción e, posibilitando que o alumno/a chegue a facer aquelas actividades que aínda non é capaz de realizar só/soa, pero si coa axuda convinte (zona de desenvolvemento potencial) se pode. O mesmo tempo proporei maior participación dos nenos/as na aula mediante a lectura de textos en voz alta e exposición explicativas dos seus traballos ó resto dos compañeiros e compañeiras, fomentado desde o voluntariado.

Para todo isto:

¿ Partirei da avaliación inicial, específica e global. Analizarei os seus coñecementos previos.

¿ Motivarei adecuadamente. Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias. Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións e, espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

Para conseguilo, promoverei o interese desde a motivación, o estímulo e o traballo tanto persoal como en equipo, base do crecemento persoal, orientando ao alumnado para que se valore a si mesmo/a, e descubra as súas aptitudes e acepte as súas limitacións, respectando seus ritmos e estilos de aprendizaxe. Con proxectos significativos e desde a resolución colaborativa de problemas ¿

¿ Fomentarei a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos. É importante que o alumno se implique directamente no proceso de ensino aprendizaxe, que saiba marcarse os seus propios obxectivos e que sexa capaz, progresivamente, de autoavaliar o seu proceso de aprendizaxe, e coa finalidade de fomentar súa autonomía

¿ Un punto que considero importante é que tamén atendenderei ao seu ámbito emocional, facilitando que adquira técnicas de autorregulación das súas propias emocións pois forma parte da súa educación integral, e promoverá o desenvolvemento da súa correcta autoestima.

¿ Terei en conta as características persoais de cada alumno/a. No artigo 4, ¿¿Ensino básico¿¿ sinálase ¿¿Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe¿¿.

b) O agrupamento dos alumnos

- Gran grupo.

- Pequeno grupo.
- Traballo de mesa individual...

Os criterios de distribución do alumnado na aula este curso estableceréinos cada día en función de cal sexa a actividade que se desenvolva, e/ou segundo as características e necesidades do alumnado en base a natureza disciplinar da actividade. Establecerei agrupamentos fixos e, variarán segundo o criterio que teña establecido cada titor/a na súa aula, ou preferiblemente de xeito individual en último caso.

c) Organización dos espazos e tempos

Adaptado aos alumnos/as. Tendo en conta as súas preferencias, características e capacidades en todo momento. Preverei as distintas situacións xerando na aula un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido no tempo que dura cada sesión de Relixión.

Pretendo que os nenos/as sexan dinámicos e se sintan motivados nas clases de Relixión, tanto a nivel individual como en grupos reducidos ou gran grupo; deste xeito se amosará a parte activa, creativa e participativa do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Material específico e convencional da aula |
| Material impreso |
| Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) |
| Material non específico. Material do medio natural, de refugallo... |
| Materiais diversos |
| Recursos persoais ou humanos |
| Material funxible e non funxible variado |

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE *«Enseño básico»* sinalase *«Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe»*.

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

- *Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...
- *Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, xogos de cartas (a vida de Xesús), parábolas en láminas de cores...
- *Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC: ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, app *«Biblia infantil»*, CDs, páxinas web, Biblia on line, xogos interactivos, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos, cancións, panxoliñas, actividades interactivas...
- *Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que

recollemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar sus propios xogos ou adornos.

*Materiais diversos: que se utilizarán nas ocasións que así o requira o tema a traballar, para fomentar a motivación. Por exemplo: xornais, Kamishibai, láminas, fotografías,...

*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

*Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso preciso partir dos coñecementos previos que ten o meu alumnado e válome da avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos previos e o grao de desenvolvemento das competencias en cada neno/a.

A avaliación inicial ao principio de cada curso, fareina con actividades lúdicas moi sinxeliñas, en concreto, con xogos de mesa e con actividades on line na PD I e choiva de ideas.

Terá carácter informativo e será o referente para o desenvolvemento do currículo, así como para adoptar as medidas de apoio, reforzo en alumnado con necesidades de atención mais específicas, e de recuperación, que considere mais oportunas para cada alumno/a

E, ao comezo de cada Unidade Didáctica, usarei para facer unha proba inicial para valorar os coñecementos previos dos que partimos, mediante diálogo e a través de preguntas abertas, aproveitando algunha actividade de presentación divertida e motivadora.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 14 | 14 | 18 | 14 | 14 | 14 | 12 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiránme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a) Parte actitudinal: 50%

Aproveitamento do tempo.

Esfuerzo e participación con interese en cada sesión.

Respecto aos mestres/as e aos compañeiros/as

Respecto ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

Comportamento na aula.

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 20%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades mais prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 30%

Con boa actitude, traballo, esforzo, motivación...

Móstrase con interese por facer actividades novas e de distinta índole..

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de *avaliación continua*, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, con xogos mais manipulativos, actividades lúdicas na PDI, tablet, app da Biblia, miña aula virtual e blogue... con propostas sinxelas de reforzo...

Tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, antes de que finalice cada Ud., xa solicitaré axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumno/a para organizar un plan específico de reforzo para que, durante o resto de curso, poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

6. Medidas de atención á diversidade

De forma xenérica, podemos dicir que no artigo 75 da LOMLOE se indica a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos.

Nesta etapa porase especial énfase na atención individualizada aos alumnos, na realización de diagnósticos precoces e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo para evitar a repetición escolar, particularmente en contornas socialmente desfavorecidas. Nas devanditas contornas as Administracións procederán a un axuste das cocientes(ratios) alumno/unidade como elemento favorecedor destas estratexias pedagóxicas.

O principio de heteroxeneidade comporta a existencia de distintos ritmos e niveis de aprendizaxe nunha mesma clase polo que o respecto e a atención á diversidade son fundamentais.

A finalidade de atender á diversidade é garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas.

Ao comezo do curso realizaremos unha proba de avaliación inicial que nos permitirá detectar se temos alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Dependendo do tipo de necesidades poderemos establecer distintas medidas de atención á diversidade como son o reforzo, o apoio ou a adaptación curricular que será deseñada especificamente para cada alumno en coordinación co titor/a, o departamento de orientación e o resto dos profesores que lle imparten clase.

Ao longo das unidades didácticas atenderase á diversidade atendendo a lexislación vixente citada así como a O 8/09/2021 o D229/2011..... Tendo en conta a todo o alumnado propoñendo actividades non discriminatorias, métodos de carácter compensador, actividades variadas para os diferentes ritmos, instrumentos de avaliación flexibles, ou valores que inclúan a pluralidade do alumnado. Tendo sempre presentes os tres principios do DUA.

Plantéxanse actividades moi sinxelas, mais manipulativas e visuais para aquel alumnado que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento ou que amose dificultades concretas nalgún contido. Tamén se propoñen actividades máis complexas para aquel alumnado que teña un maior ritmo de aprendizaxe ou que posúa aptitudes para ampliar certos contidos.

Para os alumnos con altas capacidades intelectuais ou unhas condicións extraordinarias para a materia facilitarase unhas actividades de ampliación, así como traballos voluntarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero... | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Comunicación audiovisual e TAC | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento da creatividade | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a PAZ. | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Comprensión da lectura | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.11 - Fomento do emprendemento | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.12 - Fomento do espírito científico | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.15 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer | | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- * Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- * Igualdade entre mulleres e homes.
- * Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Competencia dixital
- * O fomento da creatividade no alumnado
- * Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental
- * Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio
- * Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades.
- * Expresión oral, escrita, corporal e artística positivas
- * Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento
- * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible
- * Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual
- * Educación emocional e en valores
- * Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade

A área de Relixión Católica é en si unha educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, porque considero importantes traballar en todas as unidades, valores fundamentais coma:

O respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, as familias, compartir, axudar, a caridade, a solairaridade, o coidado e respecto polo medio ambiente, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| O NOSO BELÉN | Material non decidido polo momento: Será material reciclado, dito belén será elaborado polo alumnado de reli e compartido con todo o cole colexio . | | | |
| ODS EMERXENCIA! | O alumnado terá unha maior concienciación das necesidades do entorno, das dificultades doutros nenos/as a través de xogos, ver e escoitar historias, talleres de ONG | | | |
| PERSOAS GRAN CORAZÓN | A través de diferentes historias veremos e escoitaremos para coñecer persoas de gran corazón (Gandhi, Malala Yoesafzai, Papa Francisco....) Entre todos faremos diferentes murais de persoas de gran corazón | | | |
| UHA FAMILIA GRANDE PARA UN NIÑO PEQUENO, | O día das familias acolledoras (31 de maio) destacaremos a importancia destas familias despois de ver , escoitar e reflexionar sobre o conto que da nome a esta actividade | | | |

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

¿A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade¿

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Programación |
| Planificación da situación de aprendizaxe |
| Avaliación |

Descrición:

Se a programación se axústa ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vincula este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planificouse a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, si es adecuada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Se reflexionei e avalíei o meu labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais), se tiveron en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens.

Como o departamento é unipersonal e non teño que coordinarme con outros profesores, farase ao remate de cada trimestre completando os datos que aparecen na aplicación.

Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara á programación do seguinte curso académico no que estaremos máis familiarizados coa aplicación.

9. Outros apartados